

ACTA NÚMERO: 07/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 20 de febreiro de 2025 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 6 de febreiro de 2025 (Reunión 5/2025) e 13 de febreiro de 2025 (Reunión 6/2025).
2. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da sinalización vertical na E.P. 2703 Pazos de Borbén-Ponteareas (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas). (Expte.- 2024070763).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actualización de automatización do sistema de rego no Centro Vacacional de A Lanzada". (Expte.- 2023005693).
4. Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos. (Expte.- 2024027993).
5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2024068292).
6. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2024068292).
7. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)". (Expte.- 2024069327).
8. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 9302 Xil-As Covas-Barrantes (Concellos de Meaño e Ribadumia)". (Expte.- 2024069327).
9. Apertura dos sobres únicos, correspondentes coa documentación administrativa e ofertas avaliables mediante criterios automáticos, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do "Servizo de consultoría e implantación dun sistema de xestión de calidade baseado nos requisitos das normas UNE-EN ISO 9001, UNE-EN-ISO/IEC 17025 e os esixidos por ENAC para a certificación do laboratorio e a ampliación do alcance de acreditación para o expediente LE/1082 no laboratorio da Finca Mouriscade." (Expte.- 2024067343).
10. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente coa documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación. (Expte.- 2024069131).



11. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de mantemento e soporte dos sistemas de alimentación ininterrompida da Deputación. (Expte.- 2024069131).*
12. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares dos centros infanto-xuvenís Escola Fogar e Agarimo do Centro Príncipe Felipe da Deputación. (Expte. 2024067383)*
13. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, montaxe e instalación de diverso mobiliario para os fogares dos centros infanto-xuvenís Escola Fogar e Agarimo do Centro Príncipe Felipe da Deputación. (Expte. 2024067383).*
14. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, montaxe, electrificación, e instalación de mobiliario para a zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial. (Expte.- 2024068086)*
15. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración, montaxe, electrificación, e instalación de mobiliario para a zona suroeste da planta primeira do Pazo Provincial. (Expte.- 2024068086)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 6 de febreiro de 2025 (Reunión 5/2025) e 13 de febreiro de 2025 (Reunión 6/2025).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións anteriores correspondentes aos días 6 de febreiro de 2025 (Reunión 5/2025) e 13 de febreiro de 2025 (Reunión 6/2025).

2. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da sinalización vertical na E.P. 2703 Pazos de Borbén-Ponteareas (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas). (Expte.- 2024070763).*

O Secretario informa que por Resolución Presidencial número 2025000224 de data 15/01/2025 aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da sinalización vertical na E.P. 2703 Pazos de Borbén-Ponteareas (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)" cun orzamento base de licitación de 48.479,32 € IVE incluído. O anuncio



de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 15 de xaneiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 06/02/2025 procedeu á apertura electrónica dos sobres “Únicos” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da sinalización vertical na E.P. 2703 Pazos de Borbén-Ponteareas (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- API MOVILIDAD, S.A.
- KELIAS MOVILIDAD, S.A.U.
- NAROM, S.L.
- SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.
- SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS GALICIA, S.A.
- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- TEVASEÑAL, S.A.
- PASCUAL Y VILLAR, S.A.
- PROSEÑAL, S.L.U.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
API MOVILIDAD, S.A.	37.112,72 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
KELIAS MOVILIDAD, S.A.U.	37.562,65 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	39.252,22 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.	27.849,92 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS GALICIA, S.A.	33.343,69 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	28.482,60 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
TEVASEÑAL, S.A.	36.139,13 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
PASCUAL Y VILLAR, S.A.	28.875,24 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
PROSEÑAL, S.L.U.	33.820,00 €	3,00%	36 MESES	SI	SI

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas SEÑALIZACIONES NORTE, S.L., SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. e PASCUAL Y VILLAR, S.A. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.



Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que SEÑALIZACIONES NORTE, S.L., presentara xustificación algunha da súa oferta polo que NON debe ser tida en consideración no proceso de adxudicación da obra.

A xustificación presentada en prazo polas empresas PASCUAL Y VILLAR S.A. e SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. foi trasladada ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas Públicas, para que emitiran o preceptivo informe.

Consta no expediente con CSV: CGTI0UD0LHXOXJUC e CSV: CV2KUEVKRCUON014, informes do técnico do Servizo de Infraestruturas no que se recolle que as xustificacións presentadas polas empresas PASCUAL Y VILLAR S.A. e SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A., respectivamente, non xustifican de forma correcta as ofertas económicas desproporcionadas (baixa temeraria) presentadas, e non deben ser tida en consideración no proceso de adxudicación deste procedemento.

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas, co seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "ÚNICO"				PUNTUACIÓN SOBRE "ÚNICO"
	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	
API MOVILIDAD, S.A.	30,33	10,00	10,00	5,00	55,33
KELIAS MOVILIDAD, S.A.U.	25,71	10,00	10,00	5,00	50,71
NAROM, S.L.	8,35	10,00	10,00	5,00	33,35
SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS GALICIA, S.A.	64,70	10,00	10,00	0,00	84,70
TEVASEÑAL, S.A.	40,23	10,00	10,00	5,00	65,23
PROSEÑAL, S.L.U.	60,53	10,00	10,00	5,00	85,53

A Mesa de Contratación acorda:



1. Propor ó Órgano de Contratación, excluír deste procedemento a oferta presentada pola empresa ESTAMPACIONES CASADO, S.L. por presentar a oferta fóra do prazo.
2. Propor ó Órgano de Contratación, excluír deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas SEÑALIZACIONES NORTE, S.L., SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. e PASCUAL Y VILLAR, S.A., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
3. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra “Mellora da sinalización vertical na E.P. 2703 Pazos de Borbén-Ponteareas (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)” que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	PROSEÑAL, S.L.U.	85,53
2	SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS GALICIA, S.A.	84,70
3	TEVASEÑAL, S.A.	65,23
4	API MOVILIDAD, S.A.	55,33
5	KELIAS MOVILIDAD, S.A.U.	50,71
6	NAROM, S.L.	33,35

4. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da sinalización vertical na E.P. 2703 Pazos de Borbén-Ponteareas (Concellos de Pazos de Borbén e Ponteareas)” á empresa PROSEÑAL, S.L.U., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado33.820,00 €
 IVE (21%)7.102,20 €
 Importe Total 40.922,20 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa PROSEÑAL, S.L. (CIF B59720987) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa



personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación e a non concorrencia das prohibicións de contratar . Por consulta electrónica e baixo o consentimento a Mesa comprobou que queda acreditado no expediente o cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a alta no IAE.

5. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa, PROSEÑAL, S.L.U., mediante comunicación electrónica para que no prazo de SETE DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte á notificación deste requirimento aporte a seguinte documentación:

- a) Documentación xustificativa da efectiva disposición dos medios persoais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato:
- 1 Delegado do Contratista, Deberá ter unha experiencia mínima de 5 anos en contratos de características similares
 - 1 Xefe de Obra, con titulación de Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos ou equivalente. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares
 - 1 Encargado Xeral, con experiencia para dirixir os equipos e elaborar informes técnicos. Deberá ter unha experiencia mínima de 3 anos en contratos de características similares.
- b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 1.691,00 €

3. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actualización de automatización do sistema de rego no Centro Vacacional de A Lanzada". (Expte.- 2023005693).*

O Secretario informa que por Resolución da Deputada Delegada da área de Infraestruturas, Públicas, Mobilidade e Contratación número 2024009862 de data 20 de decembro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra "Actualización e automatización do sistema de rego no Centro Vacacional de A Lanzada". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 13 de xaneiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na reunión de data 06/02/2024 procedeu á apertura electrónica dos sobres "Únicos" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de



valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Actualización e automatización do sistema de rego no Centro Vacacional de A Lanzada".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.
- CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.
- ECOGARDEN GALICIA, S.L.
- NOZOAR PERMACULTURA, S.L.
- TEUMA MODUJLAR, S.L.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE UNICO				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	9.860,80 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	10.578,51 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
ECOGARDEN GALICIA, S.L.	8.944,94 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
NOZOAR PERMACULTURA, S.L.	9.490,00 €	3,00%	36 MESES	NON	NON
TEUMA MODUJLAR, S.L.	8.960,80 €	3,00%	36 MESES	NON	NON

A continuación procedeuse a examinar as ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas polas empresas ECOGARDEN GALICIA, S.L. e TEUMA MODULAR, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, contiñan valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Ante este feito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato.

Rematado o prazo do requirimento, non consta que ECOGARDEN GALICIA, S.L. e TEUMA MODULAR, S.L. presentaran xustificación algunha das súas ofertas, polo que NON deben de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.



De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACIÓN ECONOMICA	PRAZO DE GARANTÍA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACIÓN SOBRE "UNICO"
BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	31,44	10,00	10,00	0,00	51,44
CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	2,91	10,00	10,00	5,00	27,91
NOZOAR PERMACULTURA, S.L.	44,33	10,00	10,00	0,00	64,33

A Mesa de Contratación acorda:

1. Propor ó Órgano de Contratación, excluír deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas ECOGARDEN GALICIA, S.L. e TEUMA MODULAR, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non pode cumprir o contrato.
2. Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Implantación de rego automático en zonas verdes do Centro Vacacional A Lanzada" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NOZOAR PERMACULTURA, S.L.	64,33
2	BRAIO MULTISERVICIOS, S.L.	51,44
3	CONSTRUCCIONES EC CASAS, S.L.	27,91

3. Propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Implantación de rego automático en zonas verdes do Centro Vacacional A Lanzada" á empresa NOZOAR PERMACULTURA, S.L., de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado9.490,00 €
 IVE (21%)1.992,90 €
 Importe Total 11.482,90 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM

A Mesa de Contratación comproba que a empresa NOZOAR PERMACULTURA, S.L., (CIF B75345488) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, así como a non concorrencia das prohibicións de contratar. Por consulta electrónica e baixo o consentimento a Mesa comprobou que queda acreditado no expediente o cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social así como a alta no IAE.

4. Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa NOZOAR PERMACULTURA, S.L., mediante comunicación electrónica para que aporte a seguinte documentación:
 - a) Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social ao abeiro dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.
 - b) Documento que acredite a constitución da garantía definitiva na Tesourería da Deputación de Pontevedra, por importe de 473 €.

4. *Proposta de adxudicación do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos. (Expte.- 2024027993).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 24 de outubro de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de asistencia técnica administrativa en tarefas de colaboración material na comprobación tributaria en materia de taxas e outros tributos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 4/11/2024 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) en data 5/11/2024. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 14/11/2024 procedeu á apertura electrónica e calificación do sobre "A", correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

- **SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. B96067400**



- LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. B33473489
- EIBISA NORTE S.L. B15419906

A continuación, procedeuse á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordouse trasladar dita documentación ao persoal técnico ORAL.

Recibido informe da xefa do Servizo de Inspección e Procedementos Sancionadores do ORAL con data 31/01/2025, csv E1XCDXMLFJKPZ8BJ a Mesa de Contratación, na sesión do día 13/02/2025 prestou conformidade ás puntuacións acadadas e en base ó citado informe, procedeuse á apertura electrónica do sobre “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultaron admitidas e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados no sobre “C” foron os seguintes:

EIBISA NORTE S.L.

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 130.599,09 €

IVE 21 %): 27.425,81 €

Importe total ofertado: 158.024,90 €

A porcentaxe de baixa ofertado é de 10 sobre o orzamento base de licitación. Esta porcentaxe de baixa aplicarase a cada un dos prezos unitarios de licitación.

2. Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (3 anos): 6 anos
3. Experiencia ofertada para o persoal administrativo adscrito ao servizo, superior á mínima esixida nos pregos (2 anos): 12 anos.
4. Formación específica en materia de xestión, comparación e investigación tributaria de taxas locais.

Persoal administrativo	CURSOS	HORAS
	POSTBIS+POSTGRESQL	150
	QGIS INICIACION	75
	QGIS INTERMEDIO	75
	VALORES E IBI	15
	IMPOSTO SOBRE IBI E VALORES	15
	QGIS INICIACIÓN	75
	QGIS INTERMEDIO	75



LAYA GESTION Y SERVICIOS S-L-

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	118.990,28 €
IVE (21 %):	24.987,96 €
Importe total ofertado:	143.978,24 €

A porcentaxe de baixa ofertado é de 18% sobre o orzamento base de licitación. Esta porcentaxe de baixa aplicarase a cada un dos prezos unitarios de licitación.

2. Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (3 anos): 4 anos a maiores (7 anos en total)
3. Experiencia ofertada para o persoal administrativo adscrito ao servizo, superior á mínima esixida nos pregos (2 anos): 11 anos a maiores (17 anos en total)
4. Formación específica en materia de xestión, comparación e investigación tributaria de taxas locais.

	Cursos	Horas
Coordinador do servizo SILVIA RODRIGUEZ FERNANDEZ	Aspectos jurídicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60
Persoal administrativo Iria Pérez Pazos	Aspectos jurídicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60
Persoal administrativo Sergio Hermida Gomez	Aspectos jurídicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60
Persoal administrativo Gracia Patricia Alvarez Dacosta	Aspectos jurídicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60

SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L.

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	139.958,69 €
IVE 21 %):	29.391,33 €
Importe total ofertado:	169.350,02 €

A porcentaxe de baixa ofertado é de 3,55 sobre o orzamento base de licitación. Esta porcentaxe de baixa aplicarase a cada un dos prezos unitarios de licitación.



2. Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (3 anos): 6 anos
3. Experiencia ofertada para o persoal administrativo adscrito ao servizo, superior á mínima esixida nos pregos (2 anos): 10 anos.
4. Formación específica en materia de xestión, comparación e investigación tributaria de taxas locais.

	Cursos	Horas
Coordinador do servizo Jose Najar Chavez licenciado en derecho	Procedemento de recaudación e inspección de tributos	90
	III curso de taxas, precios públicos y prestaciones patrimoniales no tributarias Nueva tasa Ley 7/2022 de residuos	80
Persoal administrativo Marian Esparza Iranzo grado superior administración y finanzas	Procedemento de recaudación e inspección de tributos	90
Persoal administrativo Fatima Aparicio Alonso Grado en administración y dirección de empresas	Inspección tributaria local	375
Persoal administrativo Rosana Segui Miñana Maestra educación especial	Procedemento de recaudación e inspección de tributos	90

Feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, as puntuacións que obteñen as empresas no sobre C son as seguintes:

	Prezo (Max 30)	Nº anos experiencia persoa coordinadora en comprobación tributaria de taxas locais superior a 3 anos Max (6 pts)	Nº anos experiencia en comprobación tributaria de taxas locais do persoal administrativo superior a 2 anos Max (10 pts)	Formación específica, en xestión e investigación tributaria de taxas locais (Max 9 pts)	Total puntuación sobre C
EIBISA	16,13	6,00	10,00	0,00 *	32,13
LAYA	27,43	6,00	10,00	9,00	52,43
SCI	5,72	6,00	10,00	9,00	30,72

En relación coa puntuación outorgada a empresa Eibisa no criterio c) Formación específica, en xestión e investigación tributaria de taxas locais (Max 9 pts) infórmase o seguinte:

(*) Non se valora este criterio para a empresa Eibisa de conformidade co informe emitido pola Xefa do servizo de inspección e procedementos sancionadores do ORAL que indica o seguinte:
"Non se valora a formación alegada pola empresa Eibisa Norte SL xa que os cursos alegados non constitúen formación específica en materia de xestión, comprobación e investigación"



tributaria de taxas locais. Do exame dos títulos dos mesmos dedúcese que abarcan a xestión catastral e cuestións informáticas e non as materias obxecto do contrato. En resumo, non detallan debidamente o contido da formación e do título infírese que ésta non está relacionada co obxecto do presente contrato nos termos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares, polo que non pode ser obxecto de valoración.”

Resume puntuación total:

	SOBRE B (MAX 45)	SOBRE C (MAX 55)	TOTAL
EIBISA NORTE S.L.. B15419906	22,50	32,13	54,63
LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. B33473489	39,75	52,43	92,18
SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. B96067400	34,50	30,72	65,22

A Mesa de contratación acorda:

1. Aprobar a clasificación das ofertas presentadas e admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do referido servizo, sendo esta a seguinte:

Clasificación	Empresa	Sobre B (Máx. 45 puntos)	Sobre C (Máx. 55 puntos)	Puntuación total
1ª	LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. B33473489	39,75	52,43	92,18
2º	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL S.L. B96067400	34,50	30,72	65,22
3º	EIBISA NORTE S.L.. B15419906	22,50	32,13	54,63

A continuación comprobase que a empresa atópase inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 4244 e no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar.



2. Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requerimento da documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do referido procedemento aberto, á empresa LAYA GESTIÓN Y SERVICIOS S.L. (B33473489) polos prezos e valores ofertados por dita empresa:

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE:	118.990,28 €
IVE (21 %):	24.987,96 €
Importe total ofertado:	143.978,24 €

A porcentaxe de baixa ofertado é de 18% sobre o orzamento base de licitación. Esta porcentaxe de baixa aplicarase a cada un dos prezos unitarios de licitación.

2. Experiencia ofertada para a persoa proposta como coordinador/a do servizo, superior á mínima esixida nos pregos (3 anos): 4 anos a maiores(7 anos en total)

3. Experiencia ofertada para o persoal administrativo adscrito ao servizo, superior á mínima esixida nos pregos (2 anos): 11 anos a maiores (17 anos en total)

4. Formación específica en materia de xestión, comparación e investigación tributaria de taxas locais.

	Cursos	Horas
Coordinador do servizo SILVIA RODRIGUEZ FERNANDEZ	Aspectos juridicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60
Persoal administrativo Iria Pérez Pazos	Aspectos juridicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60
Persoal administrativo Sergio Hermida Gomez	Aspectos juridicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60
Persoal administrativo Gracia Patricia Alvarez Dacosta	Aspectos juridicos en la gestion tributaria y la prestación de servicios po las Administraciones locales	60

5. Aprobación de valoracións técnicas dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2024068292).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 27 de decembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da execución da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)"*.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de xaneiro de 2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS S.L.
- CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A.
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S. L.
- NAROM S.L.
- NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.

A Mesa de Contratación na reunión do día 6 de febreiro de 2024 procedeu á apertura dos sobres "A", onde figuraba a documentación administrativa e a documentación técnica aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación da referida obra, remitíndose dita documentación técnica ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais para á súa valoración.

O enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas Públicas, con data 17 de febreiro de 2025, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	20,00	3,00	23,00



CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	18,00	2,00	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	16,00	3,00	19,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	16,00	2,00	18,00
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L.	16,00	2,00	18,00
NAROM S.L.	14,00	3,00	17,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	14,00	2,00	16,00
HORDESCON S.L.	14,00	2,00	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	12,00	2,00	14,00
NEMESIO ORDOÑEZ S.A.	12,00	2,00	14,00

A Mesa de Contratación en base ó informe do enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas Públicas, Don Jaime Ruibal de Sola de data 17 de febreiro de 2025, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)"*.

6. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes a documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)" (Expte.- 2024068292).

O Secretario informa ós asistentes da puntuación acadada polas empresas presentadas e admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra *"Mellora da seguridade viaria na E.P. 8404 Piñeiro-Arcos, dende o P.Q. 0+000 ó P.Q. 3+416 (Concello de Cuntis)"*.

LICITADORES	PUNTUACION SOBRE "A"
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA S.L.	25,00
CONSTRUCCIONES, OBRAS Y VIALES S.A.	23,00
CONSTRUCCIONES E. C. CASAS S.L.	20,00
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U.	19,00
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	18,00



FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA S.L.	18,00
NAROM S.L.	17,00
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS S.A.	16,00
HORDESCON S.L.	16,00
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA S.L.	14,00
NEMESIO ORDOÑEZ S.A.	14,00

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descrición e descarga da documentación presentada nos sobres “B” correspondentes os criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da devandita obra e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas.

O valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B				
	OFERTA ECONÓMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTÍA	UNE-EN ISO 9001	UNE-EN ISO 14001
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L.	393.130,88 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	385.397,01 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	382.029,92 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	380.773,98 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS, S.A.	391.130,88 €	3,00%	36 MESES	SI	SI



EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA, S.L.	396.284,91 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.	387.869,42 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
HORDESCON, S.L.	413.567,39 €	2,00%	12 MESES	SI	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	389.760,81 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NAROM, S.L.	389.976,81 €	3,00%	36 MESES	SI	SI
NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	423.029,39 €	3,00%	36 MESES	SI	NON

